

“ A NON SUBIDA DE IMPOSTOS DO GOBERNO MUNICIPAL DO PP”

No pleno extraordinario do pasado 30 de Outubro o Sr. Alcalde **negou** rotundamente que o seu goberno subira os impostos.

“Imos refrescarlle a memoria”: Nada máis acceder a alcaldía o goberno municipal do PP aprobou a subida de taxas e impostos dos seguintes servizos: LIXO, AUGA, SANEAMENTO, IMPOSTO DE VEHÍCULOS, VAOS, SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR...(véxase acta do pleno do 7/11/2011 ou máis fácil que cada un mire os recibos que ten na casa).

Por si isto non fora abondo, a última suba que vimos de sufrir é a que respecta ao tipo de gravame do IBI, comunmente coñecido por **CONTRIBUCIÓN**.

EVOLUCIÓN DO IBI.

	ANO 2012	ANO 2013	ANO 2014
	TIPO GRAVAME	TIPO GRAVAME	TIPO GRAVAME
SOLO URBANO	0,46%	0,60%	0,55%
SOLO RÚSTICO	0,33%	0,33%	0,55%

“Quérennos tomar o pelo” e aínda se atreven a dicir que a contribución baixa o ano que vén, pero fixádevos nos vosos recibos porque a quen lle toque pagar menos é porque se modificou o valor catastral á baixa pero pola contra súbennos o tipo de gravame de forma abusiva. No rural pasar dun tipo de gravame do 0,33% a un 0,55% supón que terreos que quedaban exentos do imposto por non acadar unha cuota mínima pasan a ter que pagar. Ademais a suba imposta para o vindeiro ano foi aprobada polo grupo de goberno popular no pleno do mes de xuño, foi decisión só deles e non recibiron “orde” de nadie para facela.

Que recibimos os veciñ@s a cambio de todas as subas de impostos e taxas municipais?

- Non se invirte en Servizos Sociais, por exemplo as axudas de emerxencia desvíanse a Cáritas
- Non se ofrece dende o Concello ningunha alternativa para a xente sen emprego (nin cursos de formación, nin talleres ocupacionais, nin nada de nada...)
- Que pasa co novo Centro de Saúde?
- Que pasa co Centro de Día tan prometido na súa campaña?
- Que pasa co abandono da praia e a falta de toma de medidas para a súa recuperación?
- Que pensa facer o noso goberno municipal co copago hospitalario para enfermos crónicos?
- Por que se aluga sen necesidade nin explicacións e cunha grande oposición dos afectados un baixo da praza roxa para local social cando o Concello xa conta cun local propio duplicando así os gastos innecesariamente?

“Que está a facer este goberno municipal cos nosos cartos?”